



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE XANEIRO DE 2018

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/1238/2017.- GALO ALBERTO JUAN MARTINEZ VILAR.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación de edificación con destino a vivenda unifamiliar na rúa dos Basquiños, 8.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación de edificación con destino a vivenda unifamiliar na rúa dos Basquiños, 8. LIC/1238/2017.** Apróbase a proposta.

**3.- Dar conta sinatura convenios.** Dáse conta da sinatura de dous convenios de colaboración, un entre a Asociación de antigos alumnos da USC, Finsa e o Concello para a execución da rotulación das especies arbóreas singulares existentes no parque da Alameda; e o outro entre a Deputación da Coruña e o Concello para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2017.

### URXENCIAS

**1.- Proposta do delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao requirimento de pago ao Banco Popular, S.A. en execución parcial de aval.** Apróbase que a citada entidade lle aboe ao Concello de Santiago o importe de 123.499,40 euros en concepto de indemnización por danos e perdas orixinadas ata o 31.12.2017 por incumprimento das obrigas para ela derivadas do contrato de permuta pactado o 28.03.2005.

**2.- Proposta do delegado de Medio Ambiente e Convivencia sobre acción de nulidade de hipoteca e outras cuestións.** Acórdase exercer as accións xudiciais oportunas para a declaración de nulidade da hipoteca pola sociedade inmobiliaria Bros e o Banco Popular sobre a finca municipal nº 44376 do Rexistro da Propiedade nº 2 desta cidade, e a cancelación do asento rexistral da devandita hipoteca.